



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO. CURSO ESCOLAR 2018-2019

ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19..

** Podes consultar a Orde no seguinte enlace:*

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20180521_fondosolidario.pdf

➤ REQUISITOS:

- o Estar matriculado en 1º e 2º º Educación Primaria nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2018/2019.
- o Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9000 euros. (o total da renda dividido entre o nº de membros da unidade familiar-pais e fillos).
- o Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario do art10 da Lei de subvencións de Galicia.

➤ LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- **A través da aplicación** <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>. Unha vez cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e posteriormente poderán optar por presentar os anexos e a documentación de xeito presencial no centro ou ben, de xeito online a través da Sede electrónica da Xunta.
- **Nos centros docentes:** segundo o Anexo I e II da orde de convocatoria que estará a disposición dos interesados na secretaria do centro ou no portal educativo no enderezo electrónico:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/solicitud_e_anexos_i_e_ii.pdf

As axudas serán presentadas polos pais, nais, titores legais dos alumnos.

o **Prazo de presentación:**

- Do 22 de maio ao 22 de xuño de 2018

- Pódense presentar tanto nas escolas en horario de 9 a 14 coma na sede do CRA os mércores de 9 a 14

-A solicitude será única para todos os fillos.

➤ DOCUMENTACIÓN: xunto co Anexo I e II presentarase:

- Copia do DNI dos membros computables da unidade familiar, cando NON autoricen a consulta telemática.

- Fotocopia do libro de familia no cal figuren todos os membros computables da unidade familiar. De non posuír o libro de familia ou se a situación familiar a día 31 de decembro de 2016 non coincide coa reflectida no libro de familia:

- *Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante (de ser o caso).*

- *Certificado ou volante de convivencia (concello).*

- *Informe dos servizos sociais do concello de residencia que acredite a situación familiar.*

- No caso de discapacidade do alumno ou dalgún membro da unidade familiar:, achegarse certificado acreditativo do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%, e inferior a 65% emitido polo órgano competente, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se NON autoriza expresamente a súa verificación.

- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

- Achegarse copia do DNI dos membros computables da unidade familiar e da declaración correspondente ao exercicio do 2016, cando NON autorice a consulta telemática.

➤ CONTÍA DAS AXUDAS:

- Axuda para adquirir libros de texto:

o Renda percápita familiar **igual ou inferior a 5400 €:** 170 €

o Renda per cápita familiar **superior a 5400 e inferior 9000 €:** 90€

- Axuda para adquirir material escolar:

o Renda percápita familiar **igual ou inferior a 5400 €:** 50 €

➤ CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

o Terase en conta o exercicio fiscal do 2016 e a situación familiar a 31 de decembro de 2016.

o A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Para os efectos de cálculo sumaranse os recadros 430 e 445 de cada unha das rendas e dividirase polo número de membros da unidade familiar. (en caso de haber algún membro da unidade familiar con minusvalía superior ao 33% e inferior ao 65%, contaría por 2)

➤ DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR: considérase que conforman a unidade familiar: (*Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2016*)

o Os pais non separados legalmente e, se fose o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor

o Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.

o Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

o Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

o A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno/a.

➤ TRAMITACIÓN SOLICITUDES:

Todas aquelas solicitudes que foran admitidas xerarán un vale conforme a convocatoria polo importe da axuda correspondente para adquirir os libros de texto e outro vale conforme polo importe da axuda correspondente para adquirir material escolar(*se fose beneficiario do mesmo*) . Estes vales deberán usarse o antes posible e en, todo caso, antes do 5 de abril do 2019.

Os vales non poderán fraccionarse, é dicir, o importe total de cada vale só poderá utilizarse nun único establecemento.

O Centro nunca expedirá un novo vale no caso de que este sexa extraviado polo solicitante ou pola librería

O listado de libros de texto para o curso 2018/19 seralle facilitado aos interesados antes do remate do curso.

Para calquera aclaración dirixirse á secretaría do centro educativo.

Lestedo, 22 de maio de 2018

Asdo. Yolanda Neira Gómez

Directora do CRA Boqueixón- Vedra